



**PLAN CONVIVENCIA**

**PLAN DE CONVIVENCIA  
IES VIRXE DO MAR-NOIA  
CURSO 2016/2017**



## PLAN CONVIVENCIA

ÍNDICE:

### **-MARCO LEGAL**


- 1. O NOSO CENTRO: OBXECTIVOS**
- 2. RELACIÓN CON OUTROS DOCUMENTOS**
- 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DE CONVIVENCIA**
- 4. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS**
- 5. RESPONSABLES**
- 6. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN**
- 7. PROPOSTAS DE MELLORA**
- 8. AVALIACIÓN**
- 9. ANEXO: PROGRAMAS E PROTOCOLOS**



## PLAN CONVIVENCIA

### **MARCO LEGAL:**

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, DOG do 21 de decembro.
- I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de protección de datos.
- Orientacións sobre o Plan de Convivencia.
- Estratexia galega de convivencia escolar. Diagnose de convivencia 2015/2020.
- Protocolo de absentismo escolar.
- Instrucións de 31 de xaneiro de absentismo escolar.
- Protocolo de consenso sobre TDAH.
- Procedemento corrector de conductas contrarias ás normas de convivencia.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.



## PLAN CONVIVENCIA



### 1. O NOSO CENTRO

**Contamos cunha matrícula de**

**aproximadamente 420 , con 16**

**unidades e**

**49 profesores**

**pertencentes a 19**

**departamentos. Temos dúas**

**bacharelato:**

**Tecnoloxía.**



**modalidades de**

**Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencias e**



**Un Ciclo Medio de Formación**

**Profesional da familia de imaxe e**

**son: CM Disc jockey e**



**son**

1? de ESO: 61  
2? de ESO: 69  
3? de ESO: 58  
4? de ESO: 56                    **PLAN CONVIVENCIA**  
1? BACHARELATO: 85  
2? BACHARELATO: 73  
  
1? CM disc jockey e son: 20  
2? **CM disc jockey e son: 8**  
**TOTAL: 420**



0100090000037400000002001c00000000004000000030  
10800050000000b0200000000050000000c021f085209040  
000002e0118001c000000fb02c4ff0000000000090010000  
00000440001254696d6573204e657720526f6d616e000000  
00000000000000000000000000000040000002d010000040  
0000002010100050000000902000000020d000000320a36  
000000010004000000000051091e0820001b001c000000fb  
021000070000000000bc02000000001020222537973746  
56d000000000000000000000180000000100000018672000



## PLAN CONVIVENCIA

e4040000040000002d010100030000000000

### **OBXECTIVOS**

#### **-CONVIVENCIA E CULTURA DA PAZ**

O traballo central en torno ao eixe da convivencia leva consigo ter presente o concepto de non discriminación por razón de xénero, raza, crenza, cultura, características persoais e entorno sociocultural, e pretende como obxectivo acadar unha situación de equidade que trate de compensar desigualdades e favorecer a inclusión en entornos democráticos e responsables co individuo e os grupos.

Traballar a convivencia é importante porque:

- Pon énfase na necesidade de comprender aos demais.
- Ensina a desenvolver proxectos comúns.
- Ensina a manexar os conflitos de forma pacífica e non violenta.
- Promove a aprendizaxe cooperativa.
- Promove o desenvolvemento social e moral, baseado en valores de aceptación universal.
- Promove o desenvolvemento da responsabilidade e a participación activa na vida do centro.
- Procura tamén a cidadanía responsable e activa no propio contorno.

O traballo para acadar estes obxectivos desenvólvese no noso centro a través de dúas liñas.



## PLAN CONVIVENCIA

- Programas e actividades no plan de acción tutorial.
  - Programas de sensibilización respecto da discriminación en calquera das súas formas: acoso escolar, violencia contra a muller, coñecemento da realidade de grupos sociais desfavorecidos, etc.
  - Actividades e obradoiros dentro de plan tutorial sobre habilidades e competencias sociais, resolución pacífica de conflitos educación emocional...

### -A través dos temas transversais nas distintas materias:

- Educación para a igualdade: recoñecemento da igualdade plena nas oportunidades e o rexeitamento á discriminación.
- Educación ambiental: Proxecto Climántica
- Educación para a saúde: Plan proxecta de alimentación saudable.

### **-A EQUIDADE E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Preténdese acadar a non discriminación e a equidade social na convivencia traballando na integración coas distintas medidas de atención á diversidade e a erradicación da exclusión:

- Actividades extraescolares de distinto tipo que fomenten



## PLAN CONVIVENCIA

a inclusión e pertenza ao centro: coro, clubs de lectura, teatro, deportes, manualidades, etc.

-Colaboración en distintas campañas de solidariedade con outros organismos do entorno: Cáritas, Cruz Vermella,...

-Medidas curriculares e metodolóxicas de integración educativa  
co alumnado que presenta diferentes maneiras de aprender ou situacións desfavorecidas.

## **-EDUCACIÓN INTERCULTURAL**

Son obxectivos dunha educación intercultural:

- Propiciar actitudes que leven a valoración da gran riqueza que supón a interculturalidade no centro e no entorno.
- Afondar no interese polo coñecemento e respecto doutras culturas.

Algunhas das actividades relacionadas con este obxectivo que se levan organizando no centro hai varios anos son:

-O día dos Mundos no que o alumnado doutras nacionalidades e as súas familias aportan mostras gastronómicas, libros, fotografías, artesanía, etc. Cos que se organiza unha mostra. Os países representados ata o momento foron: China, Exipto, Perú, Francia, Suiza, Inglaterra.

-Viaxes de intercambio lingüístico e cultural a Francia e





Inglaterra.

## 2.- RELACIÓN CON OUTROS DOCUMENTOS

No que se recollen as distintas actuacións , mecanismos e protocolos.

- PEC
- PLAN DE ORIENTACIÓN
- PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL
- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- NORMAS DE CONVIVENCIA
- PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN : Protocolo de absentismo escolar, Protocolo de consenso sobre TDAH

Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.

## 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DE CONVIVENCIA

Análises feitas dende a Xefatura de Estudos:

En **1º de ESO** aproximadamente un 40% das intervencións están determinadas por problemas de relación e faltas de respecto entre compañeiros e compañeiras.

Sobre un 20% teñen a súa orixe en faltas de atención e cumprimento coas tarefas escolares.

As intervencións están dirixidas principalmente dende as tutorías, comunicación coas familias, e nunha porcentaxe dun 20% aproximadamente son intervencións de mediación e resolución de problemas dende o departamento de orientación.

En **2º de ESO** a desobediencia ao profesorado constitúe o



## PLAN CONVIVENCIA

50% aproximado das intervencións tanto de titores como Xefatura de Estudos.

Sobre o 30% son conflitos de relación entre o alumnado, que requiren de mediación e resolución de problemas dende o departamento de orientación.

En **3º de ESO**, as casuísticas son similares, aparecendo maior grado de desobediencia ao profesorado e problemas de asistencia regular.

En **4º de ESO e Bacharelatos** prodúcese unha notable diminución das incidencias en xeral, aumentado o abandono injustificado do centro, principalmente nos recreos.

Un cadro resumo das incidencias nos últimos 2 anos :

Incidencias relacionadas con desobediencia ao profesorado	20
Incidencias de ausencias inxustificadas	25
Incidencias relacionadas con conflitos entre alumnado	15
Casos de acoso escolar	0
Expedientes disciplinarios	0

Debemos ter en conta os aspectos positivos a destacar no noso centro:

- Alumnado, en xeral, respetuoso e correcto no trato diario.
- Alumnado que responde cun alto grao de participación nas actividades propostas.
- Alumnado solidario nas campañas realizadas.
- Alumnado colaborador e implicado en proxectos como Clubs de lectura, Coro,..



## PLAN CONVIVENCIA

- Profesorado implicado en moitas actividades, proxectos, saídas educativas, integración das Tic, ..
- Colaboración con entidades sociais do contorno: Educadora familiar do Concello, Programa de apoio escolar da Cruz Vermella, campañas de Cáritas Centro de Información á Muller, Garda Civil, Policía autonómica,...

## 4. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS

### PRINCIPIOS

- Os conflitos son algo inherente ao ser humano e a mellora da convivencia está en relación directa coas capacidades e competencias desenvoltas para afrontar a resolución pacífica dos mesmos.
- A convivencia non é un aspecto a desenvolver en paralelo aos procesos educativos de ensino-aprendizaxe, senón desenvolvendo as competencias no contexto normalizado da aula e o centro.
- Desenvolver a competencia social e cidadá supón traballar especificamente na procura de habilidades emocionais e de comunicación asertiva.
- Un bo clima de centro necesita a implicación responsable de toda a comunidade educativa.



## PLAN CONVIVENCIA

-É necesaria a difusión do plan de convivencia e as actividades desenvolvidas para acadar a implicación de toda a comunidade.

### OBXECTIVOS

1. Facilitar a integración de todo o alumnado, respectando as diferentes situacións de diversidade que amosen.
2. Favorecer o sentimento de pertenza ao centro educativo de todo o alumnado sen discriminación por razón de sexo, idade, crenza, cultura, identidade de xénero, etc.
3. Priorizar o traballo de prevención de conflitos, implicando ao profesorado na atención a problemas de relación, adaptación de calquera alumno ou alumna para unha rápida intervención.
4. Favorecer canles de comunicación e seguridade entre o alumnado ante casos de acoso para ser quen de expresar e denunciar a situación e pedir axuda.
5. Intervención no inicio de casos de absentismo
6. Desenvolver actividades para dotar ao alumnado e titores de información e habilidades de resolución de conflitos, mellora do clima de aula, aceptación da diversidade e respecto ás diferenzas.
7. Diminución do número de partes de incidencia.
8. Fomentar a implicación das familias.

Estes obxectivos serán desenvoltoos ao longo do tempo e mesmo incidirase nalgúns deles cada curso, para concentrar os esforzos e actuacións nas prioridades.



## PLAN CONVIVENCIA

### 5. ACTUACIÓNS E RESPONSABLES

<b>RESPONSABLES</b>	<b>ACTUACIÓNS</b>
PROFESORADO TITORES DEP. DE ORIENTACIÓN	-Acción titorial -Comunicación de incidencias -Mediación nos conflitos -Programas de mellora da convivencia. -Orientación a familias na resolución de conflitos.
XEFATURA DE ESTUDOS	-Coordinación na toma de decisións
ALUMNADO	-Participación democrática na vida do centro -Corresponsabilidade na mellora do clima de convivencia -Xunta de delegados.



## PLAN CONVIVENCIA

	Alumnos colaboradores na mediación entre iguais...
FAMILIAS	-Corresponsabilidade na educación do alumnado e na mellora do clima do centro.
OBSERVATORIO PARA A CONVIVENCIA	-Coordinación, seguemento e proposta de actuacións prioritarias.
PROFESIONAIS DE ENTIDADES COLABORADORAS	Implementación de diversos programas

## 6. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

### As liñas de actuación postas en marcha para o curso 2016/17:

- Coordinación co centro de Educación Primaria adscrito ao IES Virxe do Mar ( CEIP Felipe de Castro) a través de reunións entre o departamento de orientación, xefatura de estudos cos titores e orientador do centro adscrito, que se realizan a finais de curso co obxectivo de analizar as casuísticas de alumnado con problemas de integración, convivencia, etc e organizar a súa integración no noso centro.
- Obradoiros organizados no plan de acción tutorial e que están a desenvolverse na tutorías por titores, orientadora do centro, monitores especializados, etc e que son:
- Obradoiro de habilidades e estratexias de aprendizaxe: A Nova Etapa (1º e 2º de ESO)



## PLAN CONVIVENCIA

- Obradoiro de Mellora da convivencia e resolución de conflitos  
( 1º e 2º de ESO)
  
- Prevenición da violencia de xénero, en colaboración co Centro de Información á Muller do Concello de Noia  
(1º,2º,3º e 4º de ESO)
  
- Violencia de Xénero entre adolescentes, en colaboración coa Policía Autonómica, grupo de menores. ( 3º e 4º de ESO)
  
- Prevenición do acoso escolar e o ciberacoso, en colaboración co Plan Director da Garda Civil.
  
- Mediación en conflitos de relación a través de titores e Orientadora.  
O profesorado comunicará aos titores as situacións de conflitos de relación nos grupos, o titor ou titora fará a intervención inicial co alumnado e familias e decidirá a conveniencia de solicitar a intervención de mediación no Departamento de Orientación, según modelo adxunto.
  
- Programas de competencia social e resolución de conflitos con alumnado sancionado. Corresponde a Xefatura de Estudos e Comisión de Convivencia determinar as situacións que serán derivadas para esta intervención no Departamento de Orientación.

## 7. PROPOSTAS DE MELLORA

- Mellorar o clima de aula a través de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.
  
- Priorizar nas actividades de titoría a reflexión e



## PLAN CONVIVENCIA

interiorización das normas de convivencia en cada grupo.

-Aumentar a cooperación da comunidade educativa nas propostas de mellora da convivencia.

### **8. AVALIACIÓN**

Farase a través dunha valoración cualitativa e cuantitativa.

-A través do cómputo de incidencias dende Xefatura de Estudos e Comisión de Convivencia e a valoración das mesmas.

-A través das intervencións de mediación realizadas.

- A través da cantidade e calidade de programas e proxectos relacionados coa convivencia levados a cabo.

-Cada programa e proxecto terá a súa avaliación específica a través de cuestionarios ao alumnado, redución de conflitos, competencias adquiridas polo alumnado...

### **9. ANEXO: PROGRAMAS E PROTOCOLOS**

A) -PROGRAMA BASE DE MELLORA DA CONVIVENCIA A TRAVÉS DA ADQUISICIÓN DE HABILIDADES SOCIAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

B) -PROGRAMA BASE DE HABILIDADES SOCIAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS PARA ALUMNADO CON DIFICULTADES DE RELACIÓN E FALTAS DE ORDE

C) -MODELO DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN EN CONFLICTOS DE CONVIVENCIA

D)-DOCUMENTACIÓN Protocolo de consenso sobre TDAH

E) -DOCUMENTOS do Protocolo de absentismo escolar





## PLAN CONVIVENCIA

F) - DOCUMENTACIÓN do Procedemento corrector de conductas contrarias ás normas de convivencia.

G) - DOCUMENTACIÓN do Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.

### **A)-PROGRAMA BASE DE MELLORA DA CONVIVENCIA A TRAVÉS DA ADQUISICIÓN DE HABILIDADES SOCIAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

**Dirixido a: Grupos de ESO**

**Impartido por: Orientadora do Centro**

**Hora de titoría de cada grupo**

CONVIVENCIA, RELACIÓNS INTERPERSOAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Impartido por: Orientadora

Dirixido a: 1º-2º-3º-4º ESO

Temporalización: 2º/3º Trimestre ( febreiro-marzo-/abril-maio)

#### OBXECTIVOS

- Sensibilizar ao alumnado da mellora da convivencia como un obxectivo social de todos.
- Comprender como nos relacionamos, que factores nos inflúen e como podemos aprender habilidades para mellorar a nosa competencia social.
- Desenvolver unha idea de grupo.
- Comprender a diferenza entre un problema, un conflito e o acoso.
- Adquirir coñecementos e habilidades relacionadas cos diferentes estilos de comunicación : asertivo-pasivo-agresivo
- Adquirir a noción de empatía como reguladora das relacións interpersoais.

#### CONTIDOS E ACTIVIDADES



## PLAN CONVIVENCIA

### VIDEO INTRODUCTORIO : A CONVIVENCIA

1. QUE É UN CONFLICTO E QUE É UN PROBLEMA ( powerpoint)

CONFLICTO: CHOQUE OU DESACORDO ( EMOCIÓNS NEGATIVAS)  
PROBLEMA: INCONVINTE PARA ACADAR OS NÓSOS PROPÓSITOS

2. VIDEO: CONFLICTO. NO PIERDAS LA PERSPECTIVA

<https://youtu.be/dejtPwaNeUY>

3. EMOCIONS DETRÁS DOS CONFLICTOS ( FURIA-  
EMPATÍA)powerpoint  
Intelixencia emocional ( líderes como Martin Luther King-  
Mahatma Gandi- Nelson Mandela)  
EMOCIÓNS NEGATIVAS

4. ESTILOS DE RESOLUCIÓN: AGRESIVIDADE-PASIVIDADE-  
ASERTIVIDADE ( power point rasgos conducta)

5. EMPATÍA

6. VIDEO: EN MIS ZAPATOS  
<https://youtu.be/1n4ND7uNrxQ>

7. NEGOCIANDO SOLUCIÓN: 5 PASOS PARA RESOLVER  
CONFLICTOS

### ACTIVIDADES PRÁCTICAS:

- a) Meterse cos demais
- b) Os insultos
- c) As bromas pesadas
- d) Os amigos de "boquilla"
- e) O equipo que non funciona
- f) As faltas de respeto
- g) Comunicar o que se sente
- h) Descalificacións verbais
- i) Dar de lado
- j) As agresións físicas
- k) Consellos, habilidades para solucionar os conflitos

### VIDEO: EL PUENTE



## PLAN CONVIVENCIA

<https://youtu.be/ZgaidCmzfHk>

- ESCOITAR
- VALORAR SOLUCIÓNS EQUITATIVAS
- CEDER
- RODA DAS SOLUCIÓNS A UN CONFLICTO

8. ACTIVIDADE DE COÑECEMENTO DO GRUPO: EL ÁRBOL

9. ACOSO ESCOLAR: Que é- Liderazgo negativo- Victimización-Papel do grupo- Que facer

10. VIOLENCIA DE XÉNERO: Que é- Síntomas- Que facer

### MATERIAL:

- Presentación
- Vídeos explicativos
- Actividade: El Árbol
- Actividades de Relacións interpersoais, Edtrl EOS
- Película COBARDES e ficha de traballo (2º ESO)
- Película MEE-SHEE e ficha de traballo (1º ESO)
- Curta sobre Violencia de xénero e ficha de traballo (3º/4ºESO)
- Película La cena de los idiotas e ficha de traballo (3º/4º ESO)

### RECURSOS:

- Departamento de Orientación do Centro
- Charlas da Garda Civil e Policía Nacional grupo de Menores no Programa de Prevención de Acoso escolar e violencia de Xénero.

### AVALIACIÓN:

#### ENQUISA AO ALUMNADO

1. A presentación era adecuada para o tema
2. A información aportada era interesante.
3. Os temas se presentaron con claridade.
4. As actividades foron amenas e entretidas.
5. As actividades eran útiles para entender a idea.
6. Aprendín cousas que non sabía.
7. Paréceme convinte que se organicen actividades deste tipo.
8. Xa fixera outros talleres sobre o tema
9. Estas técnicas xa as aprendín na escola



## PLAN CONVIVENCIA

10. Botei en falta: \_\_\_\_\_

Suxerencias: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

PAUTAS PROFESORADO:

[http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/186/cd/m4/cmo\\_a\\_ctuar\\_ante\\_la\\_conducta\\_desafiante\\_yo\\_violenta\\_en\\_el\\_aula.html](http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/186/cd/m4/cmo_a_ctuar_ante_la_conducta_desafiante_yo_violenta_en_el_aula.html)

### **B) PROGRAMA BASE DE HABILIDADES SOCIAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS PARA ALUMNADO CON DIFICULTADES DE RELACIÓN E FALTAS DE ORDE**

Dirixido a: alumnado individual derivado por acumulación de faltas de orde e/ou conflito grave .

Procedemento: Proposto por Xefatura de Estudos e/ou Comisión de convivencia

Impartido por: Orientadora do Centro

Horas: Titoría ou a indicada por Xefatura de Estudos.

As habilidades sociais son un conxunto de capacidades que permiten o desenvolvemento dun repertorio de accións e comportamentos que fan as persoas operar de forma eficaz nas áreas sociais.

É esencial prestar especial atención ao desenvolvemento de habilidades sociais, porque en primeiro lugar son esenciais para a adaptación dos nenos ao ambiente no que se desenvolven as súas vidas, e logo, estas habilidades vanlles aportar as ferramentas para desenvolverse como adultos na esfera social, sendo a clave para a supervivencia emocional e profesional de forma saudable.

Algunhas habilidades básicas son:

- Apego: a capacidade de relacionarse cos demais.
- Empatía: capacidade de poñerse no lugar dos outros e entendelaos.
- Asertividade: capacidade de defensa dos seus dereitos e opinións sen prexudicar os demais.
- Cooperación: capacidade de colaborar con outros para alcanzar un obxectivo común.
- Comunicación: capacidade de expresar e escoitar. Sentimentos, emocións, ideas, etc.
- Autocontrol: capacidade de interpretar as crenzas e sentimentos e



## PLAN CONVIVENCIA

control dos impulsos.

- Comprender situacións: capacidade de comprender situacións sociais, roles, intencións, responsabilidade de cada quen, etc.
- Resolución de Conflictos: capacidade de interpretar un conflito e atopar solucións alternativas a el.

ALUMNADO SEN TDAH: Desenvolvemento de competencias sociais.

Obxectivos:

1º. Adquirir competencia cognitiva:

- Pensamento Causal
- Pensamento consecuencial
- Pensamento medios-fin

ACTIVIDADES:

- Definir cada tipo de pensamento e a súa relación coa toma de decisións e conductas.
- Reflexión sobre as causas e consecuencias de distintas situacións de conflito social.

2º Reflexionar sobre as regras e normas

ACTIVIDADES: Entrenamento moral a partir da reflexión sobre dilemas

3º. Educación Emocional

- Recoñecer as principais emocións detrás dos comportamentos.
- Coñecer as características das emocións
- Recursos para controlar a conducta.
- A autoestima

Material: Desarrollo de competencias sociales, de Manuel Segura Morales

4º. Coordinar as pautas educativas coa familia para reforzar conductas positivas e non as negativas.

ALUMNADO CON TDAH:



## PLAN CONVIVENCIA

Objetivo:

1º Adquirir maior autocontrol

-Actividades específicas de entrenamiento da atención indicadas principalmente para o control da impulsividade, planificación mental e capacidade de reflexión.

Material: Colección "Estimular y aprender"

-Velocidad de procesamiento

-Mejora de la atención

AVALIACIÓN:

-Seguemento da evolución do alumno a partir da información aportada por titores e profesorado.

-Diminución das faltas de orde e conflitos con este alumnado.

-Non repetición das conductas causantes das faltas de orde.



PERSONAS IMPLICADAS:

**PLAN CONVIVENCIA**

COMUNICACIONES PAIS/NAIS:

**C) DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CURSO  
2016/17  
MEDIACIÓN CONVIVENCIA**

ALUMNOS/AS:

CURSO:

DATA:

SOLICITADO POR:

INTERVENCIÓN Nº \_\_\_\_\_

MOTIVO:



## PLAN CONVIVENCIA

**Asdo.**

### D)-DOCUMENTACIÓN Protocolo de consenso sobre TDAH

ENTREGADO A XEFES DE DEPARTAMENTO EN COMISION PEDAGÓXICA  
DO 9 DE marzo de 2016

A Consellería de Educación pon a disposición dos centros o Protocolo de Consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario, no que se establecen as orientacións xerais para a prevención e a intervención psicoeducativa.

Esta proposta ten a intención de servir de guía para seleccionar as medidas de atención á diversidade máis axeitadas e que teñen que estar recollidas necesariamente nas programacións xerais. Serán os indicadores para que cada profesor poda tomar decisións de reforzo educativo ordinario co alumnado que presente dificultades específicas asociadas a este trastorno.

Afectan a todos os niveis educativos segundo indicacións da Dirección Xeral e Inspección Educativa ( Primaria , ESO e Bacharelato).

Despois de tratar este tipo de dificultades en diversas reunións de equipos docentes identifícase a necesidade de coordinar nos departamentos didácticos a toma de decisións ao respecto.

Este tipo de medidas consideradas como REFORZO ORDINARIO e que, polo tanto, decide e aplica o profesorado, deben estar recollidas nas programacións dos departamentos didácticos.

A modo de orientación as pautas indicadas nos casos deste curso son do tipo seguinte:

- Facilitar actividades de reforzo na aula virtual
- Uso de apoios visuais, esquemas, etc, durante as explicacións que faciliten o mantimento da atención.
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Flexibilizar o tempo de realización de exames e entregarllo fragmentado.
- Facilitar explicacións do que se lle pide nas probas.
- Seguimento na realización de probas escritas para asegurar que comprende as instrucións.





## PLAN CONVIVENCIA

- Diversificación dos instrumentos de avaliación: probas conceptuais, tipo test, de comprensión e expresión escrita, traballos prácticos,...
- Combinar exame oral e escrito
- Debe sentarse diante na clase con algún compañeiro que lle axude nas tarefas e non o distraia.
- Priorizar a organización de datas de exames con tempo suficiente.
- Distribuír os traballos e exames ao longo do trimestre.
- Dar pautas concretas na preparación das probas.
- Facilitar a información importante por escrito para compensar as dificultades de memoria a curto prazo.

D. de Orientación do IES Virxe do Mar.

### Protocolo de Consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario

[http://www.edu.xunta.es/centros/iesvirxedomar/system/files/libro\\_tdah\\_definitivo\\_16-06-14.pdf](http://www.edu.xunta.es/centros/iesvirxedomar/system/files/libro_tdah_definitivo_16-06-14.pdf)

### **MEDIDAS DE ATENCIÓN A ALUMNADO CON TDHA**

Orientacións xerais para a prevención e a intervención psicoeducativa

#### **Prevención e intervención dentro da aula**

Estas pautas e estratexias ofrécense para beneficiar tanto o alumnado con TDAH coma o resto do grupo, e server de guía de actuación para o profesorado. Entre as pautas e as estratexias que deben estar presentes na contorna da aula destacan:

- Tipo de aula. O alumnado con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, a ser posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes.
- Perfil do profesorado. Funciona ben o profesorado que harmoniza as normas claras e coherentes coa empatía e co reforzo positivo. Os estilos permisivo ou autoritario son negativos nestes casos.
- Localización da alumna ou do alumno na aula. Considérase que o alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Debe evitarse a proximidade a portas, fiestras, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais. Cando se realicen traballos en grupo hai que ser coidadosos coa localización do grupo (próximo ao profesorado) e coa elección das compañeiras e dos compañeiros. En actividades individuais, este alumnado deberá ocupar unha mesa separada, orientada cara a mesa do profesorado.
- Mesa da alumna ou do alumno. Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite



## PLAN CONVIVENCIA

para realizar a tarefa, e, ao remate, deberá recollelos e gardalos, e hase de evitar que acabe xogando con eles e convertendo a mesa nun pequeno taller.

- Normas de convivencia consensuadas na aula. Negociaranse co alumnado unhas cantas normas de funcionamento (non moitas) e as consecuencias do seu cumprimento e incumprimento. Estas normas debe escribilas o propio alumnado, han de estar visibles na aula, e deben ser repasadas, con frecuencia, polo conxunto da clase. O profesorado evitará os enfrontamentos verbais e retadores cando se esixe o cumprimento das normas. Aconséllase firmeza, sen implicarse emocionalmente, e non culpar diante das compañeiras e dos compañeiros (o alumnado con TDAH non actúa así porque quere, senón porque non pode evitar ese comportamento). Manter un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles axudaralle ao alumnado a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento.
- Adaptar o currículo. Adaptar o currículo ás capacidades, ao estilo de aprendizaxe e ás necesidades do alumnado é sempre a primeira e a mellor resposta para solucionar os problemas de aprendizaxe e de conduta. Para o alumnado con TDAH, as medidas de carácter ordinario son imprescindibles e veñen reflectidas nas orientacións que se mencionan a continuación, mentres que as de carácter extraordinario dependen da evolución do alumnado ao longo da escolarización.

### **Antes e durante a realización das actividades.**

No tratamento educativo con alumnado con TDAH dá resultado:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.
- Utilizar estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas (mellor facer tres correctas ca cinco incorrectas).
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Variar os exercicios, para que non se aburra.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira “responsable”, para



## PLAN CONVIVENCIA

que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.

- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas, etc.)

### **Titoría entre iguais.**

Nas aulas que contan con alumnado con TDAH hase de:

- Potenciar a aprendizaxe cooperativa, onde aprende xunto alumnado diferente.
- Promover a aprendizaxe en grupos interactivos.
- Promover a realización de debates.
- Procurar que as compañeiras e os compañeiros do alumnado con TDAH lle poidan axudar a realizar as tarefas, que o ignoren cando quere chamar a atención con condutas inadecuadas e que lle presten axuda cando atende e se centra nas tarefas.

### **Tarefas e deberes.**

É necesario:

- Reducir e fragmentar as actividades.
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.
- Estratexias expositivas. A memoria de traballo do alumnado con TDAH pode presentar algunhas dificultades: capacidade limitada, pola cantidade de información que pode reter simultaneamente, e escasa duración temporal na que se pode manter. Para compensar esta carencia, á hora de explicar, o profesorado debe ter en conta as seguintes estratexias:
  - Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende
  - Utilizar frases curtas e claras.
  - Manter o contacto visual e permanecer cerca.
  - Focalizar a atención nos conceptos “clave”.



## PLAN CONVIVENCIA

- Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.
- Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.
- Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.
- Implicala ou implicalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
- Proporcionarlle un sistema de tutoría dun compañeiro ou dunha compañeira que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación, e promover que o alumnado con TDAH explique os conceptos a estudantes con máis dificultades ca el. Por outra parte, o profesorado debe asegurarse de que o alumnado o mira aos ollos, que entende o exposto e, de ser o caso, que copiou o sinalado. Con esta finalidade formularánselle algunhas preguntas, para que as poida responder correctamente.

### **Exames ou probas escritas.**

Para mellorar o éxito das probas escritas é necesario:

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, claras e con vocabulario sinxelo.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH.
- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
- Posibilitar que as nenas e os nenos que o desexen poidan recuperar, durante a



## PLAN CONVIVENCIA

avaliación, os exames suspensos.

- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- Uso da axenda. A axenda é un instrumento moi útil, imprescindible para o alumnado con TDAH, tanto para servir de canle de comunicación coa familia, coma para lle axudar ao alumnado a levar ao día as súas tarefas. De aí que a axenda debe:
  - Supervisarse pola familia e polo profesorado, tratando de que o alumnado aprenda a usala.
  - Servir para que o profesorado escriba diariamente algo positivo e poderanse mencionar, a continuación, aspectos que hai que mellorar.
  - Usarse para que as familias e o alumnado coñezan, con antelación suficiente, as datas dos exames, os contidos que teñen que preparar, as datas para entrega de traballos, os libros de lectura, etc.
  - Usarse para reforzar e eloxiar o bo rendemento e comportamento.

### **En canto á atención na clase.**

A atención pode mellorarse:

- Se negocian co alumnado períodos curtos de atención cando realiza tarefas, de cara a ir aumentando a súa duración de forma progresiva.
- Se reforza o esforzo polo aumento de tempo de atención.
- Se inclúen actividades onde poida ter éxito, segmentando en fases as máis difíciles e negociando un tempo para rematar cada unha.
- Estratexias para mellorar a motivación e a autoestima.

Débese:

- Fomentar unha relación positiva entre o alumnado e o profesorado.
- Coñecer o seu estilo de aprendizaxe, as súas capacidades, as súas preferencias e motivacións.
- Ofrecerlle ao alumno experiencias de éxito, e reforzarse calquera pequeno logro na aprendizaxe e/ou na conduta.
- Ofrecerlle confianza e expectativas positivas, facéndolle correccións respecto á súa tarefa e achegando propostas de mellora.
- Axudarlle a coñecer e a manexar as súas emocións (baixa tolerancia á frustración, dificultades para atrasar a gratificación).
- Evitar avaliar sempre negativamente e proxectar expectativas de éxito.



## PLAN CONVIVENCIA

### **Estratexias para controlar e mellorar a conduta.**

Como o obxectivo é aumentar os comportamentos axeitados e diminuír os comportamentos inadecuados, deben cambiarse os antecedentes e as consecuencias para que o comportamento da nena ou do neno cambie, o que supón comprender as características do TDAH.

Hai que amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente, e o profesorado debe actuar como un modelo de conduta reflexiva para o alumnado.

Pódense utilizar como criterios xerais de manexo da conduta os seguintes:

- O reforzo positivo de condutas adecuadas ou aproximacións.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Utilizar puntos para conseguir premios ou incentivos.
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.
- Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta e sobre o seu traballo.
- Favorecer que os demais xoguen con el ou con ela e que os ignoren cando se portan mal.
- Facer contratos de conduta adaptados á idade do alumnado.
- Estratexias para mellorar a reflexividade.

Para incrementar os procesos de reflexión pódese:

- Ensinar técnicas útiles para a mellora no funcionamento cognitivo e no control da atención.
- Proporcionar estratexias de memorización.
- Ensinar estratexias diferentes para un mesmo problema, co fin de aprender a xeneralizar.
- Fomentar o traballo en grupo, xa que a cooperación mellora as estratexias analíticas e a conduta.
- Non presentar actividades con límite rigoroso de tempo, o que favorece a impulsividade e a tendencia a “saír do paso”.
- Proporcionar axuda para o repaso e a autoavaliación.
- Entrevistas regulares entre o profesorado e a familia. A evolución positiva do alumnado dependerá da actuación do profesorado e do apoio da súa propia familia. Cómpre establecer entrevistas periódicas do profesorado titor coa familia (aconsellable cada 2 ou 3 semanas) para intercambiar información sobre os progresos nos planos



## PLAN CONVIVENCIA

académico, social e emocional, así como sobre as dificultades atopadas e as estratexias compartidas para superalas.

- Comprensión do proceso de aceptación do problema por parte da familia. En ocasións, o profesorado manifesta que a familia non acepta o problema da súa filla ou do seu fillo. Neste caso, o papel do profesorado é o de acompañar e axudar, e tamén de poñer a disposición da familia e do alumnado todo o saber e as medidas educativas necesarias.
- Compartir responsabilidades na aula. Pódense aproveitar os materiais para lle dar responsabilidades sobre o seu coidado e utilización: repartir, recoller, ordenar, facer fotocopias, borrar o encerado. Ao mesmo tempo, esas accións permítenlle moverse de vez en cando e descansar para poder recuperar a atención.
- Técnicas de modificación de conduta. Utilízanse para favorecer o cambio de comportamento a través dunha serie de estratexias. Con elas preténdese reducir ou eliminar as condutas problemáticas e fortalecer as condutas adecuadas. As máis eficaces no tratamento do TDAH son:
  - Técnicas para incrementar a conduta desexada, como o reforzo positivo e a economía de fichas.
  - Técnicas para reducir as condutas non desexadas, como retirar a atención diante dunha conduta inadecuada, reforzar condutas alternativas, privalo de obter reforzamento etc.
  - Estratexias de intervención nas dificultades específicas da aprendizaxe. Hai que atender o posible atraso escolar que pode asociarse ao TDAH, polo que debe prestarse especial atención ao tratamento da lectura, da comprensión escrita, da expresión escrita, da numeración, do cálculo e da resolución de problemas matemáticos.

E) -DOCUMENTOS do Protocolo de absentismo escolar

F) - DOCUMENTACIÓN do Procedemento corrector de conductas contrarias ás normas de convivencia.

G) - DOCUMENTACIÓN do Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.